

Disposición derradeira quinta. Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor ós tres meses desde a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades,
que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 23 de maio de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

10523 *LEI 14/2003, do 26 de maio, de modificación da Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.* («BOE» 126, do 27-5-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**I**

A aprobación dun anovado réxime xurídico chamado a regular algúns dos aspectos da organización e funcionamento do Ministerio Fiscal representa unha iniciativa, a procedencia da cal se xustifica en por si. Así foi entendido no momento da subscripción do Pacto de Estado sobre a Xustiza e así vén imposto pola compartida convicción de que o Ministerio Fiscal constitúe unha das pezas clave para o funcionamento da Administración de Xustiza e, con ela, do propio estado de dereito. Da súa modernidade e do grao de eficacia co que exerza as funcións que lle son asignadas, dependerá, en boa medida, a efectiva vixencia dalgúns dos valores constitucionais comprometidos en todo proceso xurisdiccional.

A Constitución de 1978, rompendo a case xeneralizada abstención do constitucionalismo español respecto do fiscal, incorporou no seu artigo 124 un modelo da institución que enmarca loxicamente este proxecto de reforma.

De acordo con esa idea, o estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, aprobado pola Lei 50/1981, do 30 de decembro, representa a peza clave para a definición dese modelo. Como tal norma estatutaria cumpriu vinte anos de vixencia, sumándose así a esa tónica histórica antes apuntada de estabilidade normativa.

As materias que van ser obxecto de modificación legal foron decididas a partir dos contidos do Pacto de Estado, pola súa vez analizados conforme a experiencia dos últimos anos relativa ó funcionamento da institución.

A reforma, en consecuencia, supón desenvolve-lo modelo constitucional adaptando a organización e funcionamento do Ministerio Fiscal ás novas responsabilidades, incorporando plenamente principios constitucionais e democráticos como os da temporalidade no desempeño dos cargos, os criterios de mérito, especialización e formación para o exercicio de determinadas responsabilidades, así como o fortalecemento do papel que lle corresponde ó Consello Fiscal.

II

Conságrase nesta reforma a actuación do Ministerio Fiscal nos procesos civís cando estea comprometido o interese social ou afecten menores, incapaces ou desvalidos, así como a súa función de velar pola protección procesual das vítimas, intervir nos procesos relativos á responsabilidade penal dos menores orientando a súa actuación á satisfacción do interese superior do menor e nas cuestións de inconstitucionalidade e procesos laborais.

O Pacto de Estado para a Reforma da Administración de Xustiza xa proclamou a importancia de incorporar criterios de mérito, especialización, rendemento e calidade de traballo, xunto coa antigüidade, para a promoción no seo da carreira fiscal.

A propia memoria da Fiscalía Xeral do Estado correspondente ó ano 2001 consideraba a opción en tal sentido incorporada ó Pacto de Estado, lembrando que a antigüidade debe representar un dato clave para a promoción profesional. A antigüidade adoita ser expresión dun exercicio profesional que, como tal, terá contribuído a consolidar unha experiencia singularmente valiosa. Sen embargo, aquela non pode converterse no único factor determinante da asunción de responsabilidades na carreira fiscal.

Hai, pois, razóns para afirmar que o actual sistema de promoción baseado no estricto paso do tempo confire unha imaxe incompatible coa visión dun Ministerio Fiscal moderno, dinámico e comprometido cos valores constitucionais, a promoción e defensa dos cales lle incumben. De aí que a reforma considerase oportuno que todos aqueles destinos correspondentes a fiscalías onde a xefatura estea exercida por fiscal de sala sexan cubertos de acordo cos criterios de idoneidade.

O feito de as propostas de nomeamento teren que recibir previamente informe do Consello Fiscal engade unha garantía de que o xuízo de idoneidade non vai ser froito da precipitación, senón da análise ponderada do grao de especialización e valía de cada un dos candidatos.

III

No marco do punto noveno do Pacto de Estado para a Reforma da Xustiza, abórdase unha modernización e adaptación da Secretaría Técnica como órgano de apoio ó fiscal xeral do Estado. A diferenza da actual situación, na que o titular da xefatura da Secretaría Técnica debe ser promovido á condición de fiscal de sala e consolida de modo definitivo a súa pertenza á primeira categoría, a redacción que se propón aclara que aquel terá a consideración de fiscal de sala tan só mentres exerza a xefatura do órgano. É dicir, a pertenza á primeira categoría só se mantén en canto se siga desempeñando aquel posto de libre designación. Introdúcese así un elemento que reforza esa estreita relación de confianza entre o fiscal xeral do Estado e quen debe asumila xefatura do seu gabinete de asesoramento.

Tamén se amplía o tradicional cometido da Secretaría Técnica, atribuíndolle o exercicio ou, se é o caso, a coordinación daquelas funcións que as nosas leis lle imponen ó Ministerio Fiscal en materia de cooperación xudicial internacional. Todo iso, claro é, sen prexuízo das competencias que o ordenamento xurídico asigna a outros órganos públicos.

A reforma considerou que o actual marco xurídico das xefaturas dos diferentes órganos do Ministerio Fiscal é inconciliabile coa realidade comparativa que ofrecen, por exemplo, as presidencias de sala do Tribunal Supremo, a presidencia da Audiencia Nacional, dos tribunais superiores de Xustiza ou das audiencias provinciais. De

aí que se establecesen mecanismos temporais de expiración do termo no que aquelas xefaturas son exercidas. A regulación toma como referente o actual modelo da Lei orgánica do Poder Xudicial para aqueles xuíces e maxistrados que son promovidos á presidencia dalgún órgano xurisdiccional e converte esa equiparación nun dos eixes sobre os que se estrutura o proxecto.

Un Ministerio Fiscal que aspire a converterse nunha estrutura orgánica moderna e capaz de dar resposta ó que a sociedade demanda del é incompatible co carácter practicamente vitalicio das súas xefaturas. Nun órgano constitucional rexido polo principio de xerarquía, a asunción das responsabilidades que son propias dunha xefatura non pode concibirse *ad aeternum*, sen outro referente temporal có da propia xubilación.

Tal formulación foi acollida sen discusión —hai agora máis de quince anos— pola Lei orgánica do Poder Xudicial de 1985 e posteriormente no Libro Branco do Ministerio Fiscal.

Fortalécese o Consello Fiscal como órgano de representación da carreira, ó emitir informe no nomeamento dos diversos cargos, así como o dos delegados de xefatura, e resolvendo determinados recursos; mantense a súa composición como órgano de extracción corporativa, pero faise máis flexible e democrático ó suprimi-la representación por categorías e xefaturas.

A reforma afronta a creación dos chamados delegados de xefatura. É un feito incontrovertible que o Ministerio Fiscal experimentou nos últimos anos unha expansión funcional que desbordou os criterios históricos de organización. Esa ampliación de cometidos, imposta por unha delimitación constitucional que esixe do Ministerio Fiscal unha maior presenza nas distintas ordes xurisdiccionais, obrigou a un colectivo esforzo de adaptación, sempre encamiñado a un óptimo aproveitamento dos recursos humanos e dos medios materiais dispoñibles.

A realidade, pois, empeñouse en demostrar que o deseño estatutario baseado nun eixe xerárquico integrado polo fiscal xefe, tenente fiscal e fiscais foi superado por unha irreversible presenza do fiscal en numerosas parcelas xurídicas, algunhas delas caracterizadas por importantes esixencias de especialización; por iso se configuran os delegados de xefatura como órganos chamados a asumir-las funcións de coordinación que lle fosen especificamente encomendadas. Non se trata dunha nova categoría orgánica, senón tan só dunha función concibida con fins de coordinación e apoio ás xefaturas. A súa existencia condiciónase á súa propia necesidade, á vista do volume de asuntos e das esixencias impostas pola organización do servizo. A terminoloxía delegados da xefatura responde a un criterio puramente convencional. De feito, aquela expresión antepúxose a outras como decanos ou coordinadores, de uso moi estendido. A preferencia pola expresión que emprega o proxecto quizais se explica por canto a locución delegado da xefatura parece evocar con maior nitidez o principio de xerarquía que vivifica a súa propia existencia.

Por outra parte, a reforma aborda a regulación do papel das xuntas de fiscalía, ata agora abandonadas a un funcionamento de feito non exento de dificultades prácticas e problemas interpretativos. A importancia que para o funcionamento da institución ten a realización das xuntas de fiscais non necesita ser salientada. Un órgano cun ámbito funcional que se edifica, entre outros principios, sobre o de xerarquía, aconsella que o debate e a análise ponderada dos distintos temas preceda á toma de decisións. A inicial exposición de motivos do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal proclamaba a necesidade de harmoniza-los principios de unidade de actuación e dependencia xerárquica, recorrendo para iso «á colexialidade na formación dos criterios». O Libro Branco do Ministerio Fiscal evocaba o seu «profundo

significado como instrumento de participación democrática dos fiscais nas decisións da xefatura».

Sen embargo, nesta materia, coma en tantas outras, a realidade desbordou as previsións estatutarias. E ese desbordamento foi apreciable, non só nas grandes fiscalías dalgúns dos tribunais superiores de xustiza, senón, de modo singular, na Fiscalía do Tribunal Supremo.

O texto abre a porta á innovadora posibilidade de celebración de xuntas de fiscais xefes das distintas audiencias provinciais, sempre que sexan convocados para o efecto polo fiscal xefe do tribunal superior de xustiza correspondente. A extensa demarcación territorial dalgúns tribunais superiores e a conveniencia de coordina-las funcións que son propias do fiscal no ámbito de cada comunidade autónoma, xustifican a opción que incorpora a reforma.

IV

A reforma adapta o réxime disciplinario da carreira fiscal, como xa se fixo no seu momento coa carreira xudicial, sen esquecer-las singularidades que diferencian o exercicio funcional que é propio dos xuíces e o que incumbe ós fiscais, e trata de fixar practicamente as mesmas sancións cás previstas na actualidade para os xuíces e maxistrados, pero tendo en conta as aplicables a aqueles fiscais que contraveñen os seus deberes estatutarios, definindo o cadro de sancións actualizado e a súa natureza, buscando así unha aproximación estatutaria. Introdúcense melloras técnicas na descrición de conductas e sancións.

Por último, adáptase á realidade social a prohibición de exercer-la xefatura en circunscricións de menos de 100.000 habitantes, cando nelas radique un parente dedicado profesionalmente ó exercicio, ampliando a 500.000 habitantes o módulo cuantitativo do que facer depende-la prohibición.

Artigo único. *Modificación da Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.*

Un. Modifícase o artigo 3.

«Para o cumprimento das misións establecidas no artigo 1, correspóndelle ó Ministerio Fiscal:

1. Velar por que a función xurisdiccional se exerza eficazmente conforme as leis e nos prazos e termos nelas sinalados, exercitando, se é o caso, as accións, recursos e actuacións pertinentes.

2. Exercer cantas funcións lle atribúa a lei en defensa da independencia dos xuíces e tribunais.

3. Velar polo respecto das institucións constitucionais e dos dereitos fundamentais e liberdades públicas con cantas actuacións esixa a súa defensa.

4. Exercita-las accións penais e civís dimanantes de delitos e faltas ou oporse ás exercitadas por outros, cando proceda.

5. Intervenir no proceso penal, instando a autoridade xudicial á adopción das medidas cautelares que procedan e á práctica das dilixencias encamiñadas ó esclarecemento dos feitos.

6. Tomar parte, en defensa da legalidade e do interese público ou social, nos procesos relativos ó estado civil e nos demais que estableza a lei.

7. Intervenir nos procesos civís que determine a lei cando estea comprometido o interese social ou cando poidan afectar persoas menores, incapaces ou desvalidas en tanto se prevé dos mecanismos ordinarios de representación.

8. Mante-la integridade da xurisdicción e competencia dos xuíces e tribunais, promovendo os

conflictos de xurisdicción e, se é o caso, as cuestións de competencia que resulten procedentes, e intervir nas promovidas por outros.

9. Velar polo cumprimento das resolucións xudiciais que afecten o interese público e social.

10. Velar pola protección procesual das vítimas, promovendo os mecanismos previstos para que reciban a axuda e asistencia efectivas.

11. Intervir nos procesos xudiciais de amparo.

12. Interpo-lo recurso de amparo constitucional, así como intervir nos procesos de que coñece o Tribunal Constitucional en defensa da legalidade, na forma en que as leis establezan.

13. Exercer en materia de responsabilidade penal de menores as funcións que lle encomende a lexislación específica, debendo orientala súa actuación á satisfacción do interese superior do menor.

14. Intervir nos supostos e na forma previstos nas leis nos procedementos ante o Tribunal de Contas. Defender, igualmente, a legalidade nos procesos contencioso-administrativos e laborais que prevén a súa intervención.

15. Promover ou, se é o caso, presta-lo auxilio xudicial internacional previsto nas leis, tratados e convenios internacionais.

16. Exerce-las demais funcións que o ordenamento xurídico estatal lle atribúa.

Con carácter xeral, a intervención do fiscal nos procesos poderá producirse mediante escrito ou comparecencia. Tamén poderá producirse a través de medios tecnolóxicos, sempre que aseguren o adecuado exercicio das súas funcións e ofrezan as garantías precisas para a validez do acto de que se trate. A intervención do fiscal nos procesos non penais, salvo que a lei dispoña outra cousa ou actúe como demandante, producirase en último lugar.»

Dous. Modifícase o artigo 4.

«O Ministerio Fiscal, para o exercicio das funcións encomendadas no artigo anterior, poderá:

1. Solicita-la notificación de calquera resolución xudicial e a información sobre o estado dos procedementos, podendo pedir que se lle dea vista destes calquera que sexa o seu estado, ou que se lle remita copia de calquera actuación, para velar polo exacto cumprimento das leis, dos prazos e dos termos, promovendo, se é o caso, as correccións oportunas. Así mesmo, poderá pedir información dos feitos que deran lugar a un procedemento, de calquera clase que sexa, cando existan motivos racionais para estimar que o seu coñecemento poida ser competencia dun órgano distinto do que está actuando.

2. Visitar en calquera momento os centros ou establecementos de detención, penitenciarios ou de internamento de calquera clase do seu respectivo territorio, examina-los expedientes dos internos e solicitar tanta información estime conveniente.

3. Requiri-lo auxilio das autoridades de calquera clase e dos seus axentes.

4. Dar a cantos funcionarios constitúen a policía xudicial as ordes e instrucións procedentes en cada caso.

5. Informa-la opinión pública dos acontecementos que se produzan, sempre no ámbito da súa competencia e con respecto ó segredo do sumario e, en xeral, ós deberes de reserva e sxiño inherentes ó cargo e ós dereitos dos afectados.

As autoridades, funcionarios ou organismos requiridos polo Ministerio Fiscal no exercicio das facultades que se enumeran nos parágrafos precedentes deberán atender inescusablemente o requirimento dentro dos límites legais.»

Tres. Dáselle unha nova redacción ó artigo 5.

«O fiscal poderá recibir denuncias, enviándoas á autoridade xudicial ou decretando o seu arquivo, cando non encontre fundamentos para exercitar acción ningunha, notificando neste último caso a decisión ó denunciante.

Igualmente, e para o esclarecemento dos feitos denunciados ou que aparezan nos atestados dos que coñeza, pode levar a cabo ou ordenar aquelas dilixencias para as que estea lexitimado segundo a Lei de axuizamento criminal, as cales non poderán supo-la adopción de medidas cautelares ou limitativas de dereitos. Non obstante, poderá ordena-lo fiscal a detención preventiva.

Tódalas dilixencias que o Ministerio Fiscal practique ou que se leven a cabo baixo a súa dirección gozarán de presunción de autenticidade.

Os principios de contradicción, proporcionalidade e defensa inspirarán a práctica desas dilixencias.

Para tal fin, o fiscal recibirá declaración ó sospeitoso, quen deberá estar asistido de letrado e poderá tomar coñecemento do contido das dilixencias practicadas. A duración desas dilixencias deberá ser proporcionada á natureza do feito investigado, sen que poida exceder de seis meses, salvo prórroga acordada mediante decreto motivado do fiscal xeral do Estado. Transcorrido o oportuno prazo, se a investigación evidenciase feitos de significación penal e sexa cal for o estado das dilixencias, o fiscal procederá á súa xudicialización, formulando para o efecto a oportuna denuncia ou querela, a menos que resultase procedente o seu arquivo.

Tamén poderá o fiscal incoar dilixencias preprocesuais encamiñadas a facilita-lo exercicio das demais funcións que o ordenamento xurídico lle atribúe.»

Catro. Dáselle unha nova redacción ó artigo 9.

«1. O fiscal xeral do Estado elevará ó Goberno unha memoria anual sobre a súa actividade, a evolución da criminalidade, a prevención do delicto e as reformas convenientes para unha maior eficacia da xustiza. Nela recolleranse as observacións das memorias que, pola súa vez, lle deberán elevalos fiscais dos distintos órganos, na forma e tempo que regulamentariamente se estableza. Desta memoria remitirase copia ás Cortes Xerais e ó Consello Xeral do Poder Xudicial. En todo caso, a citada memoria será presentada polo fiscal xeral do Estado ás Cortes Xerais no período ordinario de sesións máis próximo á súa presentación pública.

2. O fiscal xeral do Estado emitirá informe ó Goberno, cando este llo solicite e non exista obstáculo legal, respecto a calquera dos asuntos en que interveña o Ministerio Fiscal, así como sobre o funcionamento, en xeral, da Administración de Xustiza. En casos excepcionais poderá ser chamado a emitir informe ante o Consello de Ministros.»

Cinco. Dáselle unha nova redacción ó artigo 13.

«O fiscal xeral do Estado estará asistido nas súas funcións polo Consello Fiscal, a Xunta de Fiscais de Sala, a Inspección Fiscal, a Secretaría Técnica e polos fiscais de sala que se determinen no cadro de persoal. Así mesmo poderán integrarse como

unidades de apoio ó fiscal xeral do Estado funcionarios da Administración civil, no número que se determine no cadro de persoal, co obxecto de realizar labores de asistencia técnica en materias de estatística, informática, traducción de linguas distintas do castelán, xestión de persoal ou outras que non sexan das que, de acordo con este estatuto, teñan encomendadas os fiscais.

Correspóndelle ó fiscal xeral do Estado, ademais das facultades recoñecidas noutros preceptos deste estatuto, as seguintes:

- a) Propórle ó Goberno os nomeamentos para os distintos cargos, logo de informe do Consello Fiscal.
- b) Propórle ó Goberno os ascensos conforme os informes do dito Consello.
- c) Concede-las licencias que sexan da súa competencia, segundo o disposto neste estatuto e o seu regulamento.»

Seis. Dáselle unha nova redacción ó artigo 14.

«1. O Consello Fiscal constituirase, baixo a presidencia do fiscal xeral do Estado, polo tenente fiscal do Tribunal Supremo, o fiscal inspector xefe e nove fiscais pertencentes a calquera das categorías. Tódolos membros do Consello Fiscal, excepto o fiscal xeral do Estado, o tenente fiscal do Tribunal Supremo e o fiscal inspector, serán elixidos, por un período de catro anos, polos membros do Ministerio Fiscal en servizo activo, constituídos nun único colexio electoral na forma que regulamentariamente se determine. O Consello Fiscal poderá funcionar en pleno e en comisión permanente e os seus acordos adoptaranse por maioría simple, sendo dirimente, en caso de empate, o voto do seu presidente.

Correspóndelle ó Consello Fiscal:

- a) Elabora-los criterios xerais para asegura-la unidade de actuación do Ministerio Fiscal, no referente á estrutura e funcionamento dos seus órganos.
- b) Asesora-lo fiscal xeral do Estado en cantas materias este lle someta.
- c) Emitir informe sobre as propostas pertinentes respecto do nomeamento dos diversos cargos.
- d) Elabora-los informes para ascensos dos membros da carreira fiscal.
- e) Resolve-los expedientes disciplinarios e de mérito que sexan da súa competencia, así como aprecia-las posibles incompatibilidades a que se refire este estatuto.
- f) Resolve-los recursos interpostos contra resolucións dictadas en expedientes disciplinarios polos fiscais xefes dos distintos órganos do Ministerio Fiscal.
- g) Insta-las reformas convenientes ó servizo e ó exercicio da función fiscal.
- h) Coñece-los plans anuais da inspección fiscal.
- i) Coñecer e emitir informe sobre os plans de formación e selección dos fiscais.
- j) Emitir informe sobre os proxectos de lei ou normas regulamentarias que afecten a estrutura, organización e funcións do Ministerio Fiscal.

2. A Xunta de Fiscais de Sala constituirase, baixo a presidencia do fiscal xeral do Estado, polo tenente fiscal do Tribunal Supremo, os fiscais de sala, o fiscal inspector xefe e o fiscal xefe da Secretaría Técnica, que actuará de secretario.

A Xunta asiste o fiscal xeral do Estado en materia doutrinal e técnica, para a formación dos criterios

unitarios de interpretación e actuación legal, a resolución de consultas, elaboración das memorias e circulares, preparación de proxectos e informes que deban ser elevados ó Goberno e calquera outras, de natureza análoga, que o fiscal xeral do Estado estime procedente someter ó seu coñecemento e estudio.»

Sete. Dáselle unha nova redacción ó artigo 16.

«A Secretaría Técnica da Fiscalía Xeral do Estado será dirixida por un fiscal xefe e estará integrada polos fiscais que se determinen no cadro de persoal, que realizarán os traballos preparatorios que se lles encomenden naquelas materias nas que corresponda á Xunta de Fiscais de Sala asistilo fiscal xeral do Estado, así como cantos outros estudos, investigacións e informes estime este procedente.

Sen prexuízo das competencias encomendadas a outros órganos, a Secretaría Técnica asumirá o exercicio ou, se é o caso, a coordinación daquelas funcións que as leis lle atribúan ó Ministerio Fiscal en materia de cooperación xudicial internacional.

O fiscal xefe da Secretaría Técnica será designado directamente polo fiscal xeral do Estado entre fiscais pertencentes á primeira ou segunda categoría con quince anos de exercicio na carreira. Salvo que xa pertencese á primeira categoría, o designado terá para tódolos efectos a categoría de fiscal de sala en tanto exerza a xefatura. No momento da súa substitución, se pertencese á primeira categoría, procederá de acordo co establecido no artigo 41. Noutro caso, quedará adscrito á súa elección a calquera das seccións que integran a Fiscalía do Tribunal Supremo ou á fiscalía na que exercese o seu anterior destino. De non existir vacante nesta, procederá á súa creación.»

Oito. Modifícase o artigo 18.1, primeiro parágrafo.

«1. Na Audiencia Nacional, ante o Tribunal Constitucional, no Tribunal de Contas, nos tribunais superiores de xustiza e en cada audiencia provincial existirá unha fiscalía baixo a xefatura directa do fiscal respectivo, integrada por un tenente fiscal e polos fiscais que determine o cadro de persoal. A Fiscalía ante o Tribunal Constitucional, baixo a dirección do fiscal xeral do Estado, estará integrada por un fiscal de sala, por un tenente fiscal e polos fiscais que determine o cadro de persoal. A Fiscalía Especial para a Prevención e Represión do Tráfico Ilegal de Drogas, baixo a dirección do fiscal xeral do Estado, estará integrada por un fiscal de sala, por un tenente fiscal da categoría segunda e polos fiscais que determine o cadro de persoal, que deberán pertencer á categoría segunda. Do mesmo modo, a Fiscalía Especial para a Represión dos Delictos Económicos relacionados coa Corrupción, baixo a dirección do fiscal xeral do Estado, e con competencias ante calquera órgano xudicial do territorio nacional, estará integrada por un fiscal de sala, por un tenente fiscal da categoría segunda e polos fiscais que determine o cadro de persoal, que deberán pertencer á categoría segunda. Tamén se considerarán integrados naquela os fiscais das distintas fiscalías que designe o fiscal xeral do Estado en canto exerzan as funcións específicas a que se refire o artigo 18 ter desta lei.»

Nove. Modifícase o artigo 22.

«1. O Ministerio Fiscal é único para todo o Estado.

2. O fiscal xeral do Estado ten a xefatura superior do Ministerio Fiscal e a súa representación en todo o territorio español. A el correspóndelle impartir as ordes e instrucións convenientes ó servizo e á orde interna da institución e, en xeral, a dirección e inspección do Ministerio Fiscal.

3. O fiscal xefe de cada órgano exercerá a dirección deste e actuará sempre en representación do Ministerio Fiscal baixo a dependencia dos seus superiores xerárquicos e do fiscal xeral do Estado.

4. Correspóndelle ó fiscal xefe a dirección e xefatura da fiscalía respectiva; ó tenente fiscal, substituí-lo xefe cando regulamentariamente proceda e exercer, xunto cos fiscais e por delegación daquel, as funcións propias da fiscalía.

5. Naquelas fiscalías nas que o número de asuntos de que coñecese así o aconsellase e sempre que resultase conveniente para a organización do servizo, logo de informe do Consello Fiscal, poderanse designar delegados da xefatura co fin de asumir as funcións de dirección e coordinación que lle fosen especificamente encomendadas. O cadro de persoal orgánico determinará o número máximo de delegados da xefatura que se poidan designar en cada fiscalía.

Tales delegados serán nomeados e, se é o caso, substituídos mediante resolución dictada polo fiscal xeral do Estado, por proposta do fiscal xefe respectivo, oído o Consello Fiscal.

Para a cobertura destas prazas será preciso, con carácter previo á proposta do fiscal xefe correspondente, realizar unha convocatoria entre os fiscais do cadro de persoal. Á proposta xuntaráselle unha relación do resto dos fiscais que soliciten o posto.

En todo caso, os fiscais delegados da xefatura cesarán como tales cando se produza o nomeamento dun novo fiscal xefe, manténdose no exercicio das súas funcións ata que sexan substituídos ou, se é o caso, confirmados.»

Dez. Dáselle unha nova redacción ó artigo 24.

«Para mante-la unidade de criterios, estudia-los asuntos de especial transcendencia ou complexidade ou fixar posicións respecto de temas relativos á súa función, cada fiscalía realizará periodicamente xuntas de tódolos seus compoñentes. Os acordos da maioría terán carácter de informe, prevalecendo despois do libre debate o criterio do fiscal xefe. Sen embargo, se esta opinión fose contraria á manifestada pola maioría dos asistentes, deberá someterse ambas ó seu superior xerárquico. Ata que se produza o acordo do superior xerárquico, de requirilo o tema debatido, o criterio do fiscal xefe gozará de executividade nos extremos estrictamente necesarios.

Coa finalidade prevista no parágrafo anterior, os fiscais adscritos ás distintas seccións que integran a Fiscalía do Tribunal Supremo realizarán xuntas de sección, que estarán presididas polo fiscal de sala respectivo. Nos casos en que o criterio do fiscal xefe fose contrario á opinión mantida pola maioría dos integrantes da xunta, resolverá o fiscal xeral do Estado, oído o Consello Fiscal ou a Xunta de Fiscais de Sala segundo o ámbito propio das funcións que lle sinala o artigo 14.

Aquelas seccións da Fiscalía do Tribunal Supremo nas que a xefatura estea integrada por máis dun fiscal de sala, poderán celebrar xuntas que agrupen os fiscais distribuídos nas diferentes uni-

dades organizativas que integren cada sección. Sen embargo, os asuntos de especial transcendencia ou complexidade e aqueles que afecten a unidade de criterio deberán ser debatidos en xunta de sección, que será presidida polo fiscal de sala máis antigo. Para os efectos previstos no inciso derradeiro do segundo parágrafo deste artigo, abondará que a discrepancia respecto do criterio da maioría sexa provocada polo parecer dun só dos fiscais de sala que integran a sección.

Co fin de dar conta da actividade estatística das distintas seccións e para o tratamento daquelas cuestións que poidesen afectar a organización dos diferentes servizos de carácter xeral, os fiscais celebrarán Xunta de Fiscais do Tribunal Supremo. Estas xuntas serán presididas polo fiscal xeral do Estado, que poderá ser substituído polo tenente fiscal do Tribunal Supremo.

Sen prexuízo das xuntas de fiscais previstas no parágrafo primeiro deste artigo, os fiscais xefes poderán convocar xuntas de delegados da xefatura, co fin de tratar cuestións relativas á dirección e coordinación dos distintos servizos, sen que en ningún caso poidan substituír nas súas funcións á Xunta Xeral.

Así mesmo, para mante-la unidade de criterios ou fixar posicións respecto de temas relativos á súa función, os fiscais xefes dos tribunais superiores de xustiza poderán convocar, como superiores xerárquicos, xunta de fiscais que integre os que desempeñen a xefatura das fiscalías das audiencias provinciais nos respectivos ámbitos territoriais.

En todo caso, respectaranse os prazos que as leis de procedemento establezan.

As xuntas de fiscais poderán ser ordinarias ou extraordinarias. As ordinarias celebraranse alomenos semestralmente. A súa orde do día será fixada polo fiscal xefe, se ben deberán incluírse nela aqueles asuntos ou temas que propoñan por escrito e antes do comezo da xunta, un quinto, alomenos, dos fiscais destinados nas fiscalías. Tamén se poderá deliberar, fóra da orde do día, sobre aqueles asuntos que propoña calquera dos asistentes á xunta e o fiscal xefe acorde someter a debate.

As xuntas extraordinarias convocaranse para debater cuestións que pola súa urxencia ou complexidade se estime oportuno non relegar á xunta ordinaria. A convocatoria, que expresará a orde do día, deberá facer o fiscal xefe, ben por propia iniciativa, ben en virtude de moción suscrita por maioría dos fiscais destinados na fiscalía.

A asistencia ás xuntas é obrigatoria para tódolos fiscais segundo a súa respectiva composición, salvo ausencia xustificada apreciada polo fiscal xefe. Os fiscais substitutos asistirán ás xuntas con voz pero sen voto, cando sexan convocados polo fiscal xefe.»

Once. Dáselle unha nova redacción ó artigo 34.

«As categorías da carreira fiscal serán as seguintes:

1.^a Fiscais de sala do Tribunal Supremo, equiparados a maxistrados do Alto Tribunal. O tenente fiscal do Tribunal Supremo terá a consideración de presidente de sala.

O fiscal xefe da Secretaría Técnica terá a consideración de fiscal de sala nos termos previstos no artigo 16.

2.^a Fiscais equiparados a maxistrados.

3.^a Avogados-fiscais equiparados a xuíces.»

Doce. Dáselle unha nova redacción ó artigo 35.

«1. Será preciso pertencer á categoría primeira para servi-los seguintes destinos:

- a) Tenente fiscal do Tribunal Supremo.
- b) Fiscal inspector xefe.
- c) Fiscal xefe de sala do Tribunal Supremo.
- d) Fiscal xefe da Fiscalía ante o Tribunal Constitucional.
- e) Fiscal xefe da Audiencia Nacional.
- f) Fiscal xefe do Tribunal de Contas.
- g) Fiscal xefe da Fiscalía Especial para a Prevención e Represión do Tráfico Ilegal de Drogas.
- h) Fiscal xefe da Fiscalía Especial para a Represión dos Delictos Económicos relacionados coa Corrupción.

2. Os fiscais xefes dos tribunais superiores de xustiza e audiencias provinciais terán a categoría equiparada á do respectivo presidente. A retribución dos fiscais xefes a que se refiére o parágrafo anterior, en tanto desempeñen a xefatura, será acorde coas responsabilidades inherentes ó exercicio daquelas.

3. Será preciso pertencer á categoría segunda para servi-los restantes cargos nas fiscalías do Tribunal Supremo, ante o Tribunal Constitucional, Audiencia Nacional, Tribunal de Contas, Inspección Fiscal, Secretaría Técnica, Fiscalía Especial para a Prevención e Represión do Tráfico Ilegal de Drogas e para a Fiscalía Especial para a Represión dos Delictos Económicos relacionados coa Corrupción. Tamén será preciso pertencer á categoría segunda para servi-lo cargo de fiscal xefe e tenente fiscal.

4. O cadro de persoal orgánico fixará a categoría necesaria para servi-los restantes servicios fiscais.»

Trece. Dáselle unha nova redacción ó artigo 36.

«1. Os destinos correspondentes á categoría primeira, os de fiscais do Tribunal Supremo e os de fiscais xefes de tribunais superiores de Xustiza e audiencias provinciais serán provistos polo Goberno, logo de informe do fiscal xeral do Estado, de acordo co previsto no artigo 13 deste estatuto. De igual xeito serán designados os tenentes fiscais dos tribunais superiores de xustiza e os fiscais que integren o cadro de persoal de todos aqueles órganos nos que o xefe pertenza á categoría primeira.

Para os cargos de fiscal no Tribunal Supremo, de fiscal xefe dos tribunais superiores de xustiza, de fiscal ante o Tribunal Constitucional, de fiscal do Tribunal de Contas ou de inspector fiscal será preciso contar con alomenos 15 anos de servizo na carreira e pertencer xa á categoría segunda.

Para os cargos de fiscal da Audiencia Nacional, de fiscal xefe da Audiencia Provincial, de fiscal da Fiscalía Especial para a Represión dos Delictos Económicos relacionados coa Corrupción e fiscal da Fiscalía Especial para a Prevención e Represión do Tráfico Ilegal de Drogas será preciso contar con, alomenos, 10 anos de servizo na carreira e pertencer xa á categoría segunda.

2. Os destinos na Secretaría Técnica da Fiscalía Xeral do Estado serán cubertos directamente polo propio fiscal xeral.

Naqueles casos en que se acordase a substitución de calquera dos seus integrantes, incorporaranse en calidade de adscritos, á súa elección, á fiscalía na que estivesen destinados antes de ocuparen praza na Secretaría Técnica ou á Fiscalía do

Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, ata obterem praza en propiedade.

Nos supostos de substitución do fiscal xefe, haberá que atermos ó disposto no parágrafo terceiro do artigo 16 desta lei.

3. Os demais destinos fiscais serán provistos mediante concurso entre funcionarios da categoría, atendendo ó mellor posto gradual. Para solicitar novo destino deberase permanecer, cando menos, dous anos no anterior, sempre que se accedese a aquel por petición propia.

4. Os destinos que queden desertos cubriranse cos fiscais que ascendan á categoría necesaria.»

Catorce. Dáselle unha nova redacción ó artigo 37.

«1. As vacantes que se produzan na categoría primeira serán cubertas por ascenso entre fiscais que contén, alomenos, con 20 anos de servizo na carreira e pertencen á categoría segunda.

2. As vacantes que se produzan na categoría segunda serán cubertas, por orde de antigüidade, entre os pertencentes á categoría terceira.»

Quince. Dáselle unha nova redacción ó artigo 38.

«1. O nomeamento dos fiscais das dúas primeiras categorías farase mediante real decreto. Os demais nomeamentos serán feitos por orde do ministro de Xustiza.

2. A declaración das situacións administrativas dos fiscais, sexa cal for a súa categoría, será efectuada por orde do ministro de Xustiza.»

Dezaseis. Dáselle unha nova redacción ó artigo 41.

«O tenente fiscal do Tribunal Supremo e os demais fiscais xefes pertencentes á primeira categoría serán nomeados por un período de cinco anos, transcorridos os cales cesarán nos seus cargos, salvo que sexan nomeados de novo para esa xefatura por sucesivos períodos de idéntica duración. Á expiración do prazo legal, se non fosen confirmados ou nomeados para outra xefatura, quedarán adscritos á Fiscalía do Tribunal Supremo, conservando en todo caso a súa categoría. Para estes efectos terán a consideración de fiscais xefes os que o sexan das distintas seccións da Fiscalía do Tribunal Supremo.

Para o nomeamento e cesamento do fiscal xefe da Secretaría Técnica procederá de acordo co artigo 16.

Os fiscais xefes pertencentes á segunda categoría serán nomeados por un período de cinco anos, transcorridos os cales cesarán nos seus cargos, salvo que sexan nomeados de novo para esa xefatura por sucesivos períodos de idéntica duración. Á expiración do prazo legal quedarán adscritos á fiscalía na que desempeñasen a xefatura ata a consolidación da praza correspondente, podendo optar con carácter preferente, durante os dous anos seguintes, a calquera praza de segunda categoría das que deben proverse atendendo ó mellor posto gradual, en calquera outra fiscalía.

Procederá á convocatoria das prazas de fiscais xefes con suficiente antelación á expiración do prazo legal. Se na dita data non fose efectivo o novo nomeamento, continuará desempeñando as súas funcións o fiscal xefe o mandato do cal expírase.

Sen prexuízo do anterior, os fiscais xefes dos respectivos órganos poderán ser removidos polo Goberno por proposta do fiscal xeral do Estado, que deberá oír previamente o Consello Fiscal e o interesado. Nestes casos, quedarán adscritos á fis-

calía na que desempeñasen a xefatura en tanto non consoliden praza naquela ou obteñan outra á que concursasen. Na mesma situación quedarán os fiscais xefes que presentaran a súa renuncia, aceptada polo fiscal xeral do Estado.»

Dezasete. Dáselle unha nova redacción ó artigo 57.

«O exercicio de cargos fiscais é incompatible:

1. Co de xuíz ou maxistrado e cos empregos de tódalas clases nos tribunais e xulgados en calquera orde xurisdiccional.

2. Co de calquera outra xurisdicción, así como a participación en actividades ou órganos de arbitraje.

3. Con calquera cargo de elección popular ou designación política do Estado, comunidades autónomas, provincias e demais entidades locais e organismos dependentes de calquera deles.

4. Cos empregos ou cargos dotados ou retribuídos pola Administración do Estado, as Cortes Xerais, a Casa Real, comunidades autónomas, provincias, municipios, e calquera entidade, organismo ou empresa dependente duns ou doutras.

5. Con todo emprego, cargo ou profesión retribuída, salvo a docencia ou investigación xurídica, así como a produción e creación literaria, artística, científica e técnica, debidamente notificada ó seu superior xerárquico, e as publicacións derivadas daquela, de conformidade co disposto na lexislación sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

6. Co exercicio da avogacía, excepto cando teña por obxecto asuntos persoais do fiscal, do seu cónxuxe ou persoa a quen se atope ligado de forma estable por análoga relación de afectividade, dos fillos suxeitos á súa patria potestade ou das persoas sometidas á súa tutela, co exercicio da procura, así como todo tipo de asesoramento xurídico, sexa ou non retribuído.

7. Co exercicio directo ou mediante persoa interposta de toda actividade mercantil. Exceptúase a transformación e venda de produtos obtidos dos bens propios, operacións que poderán realizarse, pero sen ter establecemento aberto ó público.

8. Coas funcións de director, xerente, administrador, conselleiro, socio colectivo ou calquera outra que implique intervención directa, administrativa ou económica, en sociedades ou empresas mercantís, públicas ou privadas de calquera xénero.»

Dezaioito. Dáselle unha nova redacción ó artigo 58.

«Os membros do Ministerio Fiscal non poderán exercer os seus cargos:

1. Nas fiscalías que comprendan dentro da súa circunscrición territorial unha poboación na que o seu cónxuxe ou persoa a quen se atope ligado de forma estable por análoga relación de afectividade exerza unha actividade industrial ou mercantil que obstaculice o imparcial desempeño da súa función, a xuízo do Consello Fiscal.

2. Nas fiscalías na demarcación das cales exerzan os seus parentes, dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade, ou o seu cónxuxe, ou persoa a quen se atope ligado de forma estable por análoga relación de afectividade, cargos da carreira fiscal, sempre que o número de funcionarios sexa inferior a cinco ou impliquen dependencia xerárquica entre eles.

3. Cando a Lei orgánica do Poder Xudicial estableza incompatibilidades entre membros da carreira xudicial e fiscal.

4. Como fiscais xefes nas fiscalías onde exerzan habitualmente como avogado ou procurador o seu cónxuxe ou persoa a quen se atope ligado de forma estable por análoga relación de afectividade ou un parente dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade, salvo que se trate de circunscricións territoriais de máis de cincocentos mil habitantes e sen prexuízo do deber de abstención cando proceda.»

Dezanove. Dáselle unha nova redacción ó artigo 62.

«Considéranse faltas moi graves:

1. O incumprimento consciente do deber de fidelidade á Constitución establecido no artigo 45 desta lei, cando así se apreciase en sentenza firme.

2. O incumprimento das ordes particulares e requirimentos persoais dirixidos por escrito na forma establecida neste estatuto, cando daquel se derivase prexuízo no proceso ou alteración relevante no funcionamento interno da fiscalía.

3. A afiliación a partidos políticos ou sindicatos ou o desempeño de empregos ou cargos ó seu servizo.

4. A provocación reiterada de enfrontamentos graves coas autoridades da circunscrición en que o fiscal desempeñe o cargo, por motivos alleos ó exercicio da súa función.

5. As accións e omisións que desen lugar en sentenza firme a unha declaración de responsabilidade civil contraída no exercicio da función por dolo ou culpa grave conforme o artigo 60 desta lei.

6. O exercicio de calquera das actividades incompatibles co cargo de fiscal, establecidas no artigo 57 desta lei, salvo as que poidan constituír falta grave de acordo co disposto no seu artigo 63.

7. Provoca-lo propio nomeamento para algunha fiscalía cando concorran no nomeado algunhas das situacións de incompatibilidade ou prohibición previstas no artigo 58 desta lei, ou manterse no desempeño do cargo nos ditos órganos sen pór en coñecemento da Fiscalía Xeral do Estado as circunstancias necesarias para proceder ó traslado forzoso previsto no artigo 39.3.

8. A inobservancia do deber de abstención sabendo que concorre algunha das causas legalmente previstas.

9. A desatención ou o atraso inxustificable no despacho dos asuntos ou no exercicio de calquera outra das funcións que lle foran encomendadas.

10. A ausencia inxustificada, por sete días naturais ou máis, da sede da fiscalía en que se atopase destinado.

11. Faltar á verdade na solicitude de obtención de permisos, autorizacións, declaracións de compatibilidade, axudas de custo e axudas económicas.

12. A revelación polo fiscal de feitos ou datos coñecidos no exercicio da súa función ou con ocasión desta, cando se cause algún prexuízo á tramitación dun proceso ou a calquera persoa.

13. O abuso da condición de fiscal para obter un trato favorable e inxustificable de autoridades, funcionarios ou profesionais.

14. A comisión dunha falta grave cando o fiscal fose anteriormente sancionado por outras dúas graves, que adquirisen firmeza, sen que fosen canceladas ou procedesen á cancelación das correspondentes anotacións, conforme o establecido no artigo 69 desta lei.»

Vinte. Dáselle unha nova redacción ó artigo 63.

«Considéranse faltas graves:

1. A falta de respecto ós superiores na orde xerárquica, na súa presenza, en escrito que se lles dirixa ou con publicidade.

2. O incumprimento das ordes ou requirimentos recibidos na forma establecida neste estatuto.

3. Dirixirles ós poderes, autoridades ou funcionarios públicos ou corporacións oficiais parabéns ou censuras polos seus actos, invocando a condición de fiscal ou servíndose desta condición.

4. O exceso ou abuso de autoridade, ou falta grave de consideración respecto dos cidadáns, xuíces e maxistrados, fiscais, secretarios, médicos forenses, oficiais, auxiliares e axentes, avogados e procuradores, graduados sociais e funcionarios da policía xudicial e demais persoal ó servizo da Administración de Xustiza.

5. Deixar de promover a esixencia de responsabilidade disciplinaria que proceda ós secretarios e persoal auxiliar subordinado, cando coñeceran ou deberan coñecer o incumprimento grave por aqueles dos deberes que lles corresponden.

6. Revelar feitos ou datos coñecidos polo fiscal no exercicio da súa función ou con ocasión deste, cando non constituía a falta moi grave do parágrafo 12 do artigo 62 desta lei.

7. A ausencia inustificada por máis de tres días naturais e menos de sete da sede da fiscalía en que o fiscal se atope destinado.

8. A inasistencia inustificada ós actos procesuais con audiencia pública que estivesen sinalados e ós que fose citado na forma legalmente prevista, cando non constituía falta moi grave.

9. O atraso inustificado no despacho dos asuntos de que coñeza o fiscal no exercicio da súa función, se non constitúe falta moi grave.

10. O exercicio de calquera actividade susceptible de declaración de compatibilidade sen obter a pertinente autorización ou obtendoa con falta de veracidade nos orzamentos alegados.

11. A comisión dunha falta de carácter leve tendo sido sancionado anteriormente por resolución firme por outras dúas leves sen que fosen canceladas ou procedesen á cancelación das correspondentes anotacións, conforme o establecido nesta lei.

12. As restantes infraccións dos deberes inherentes á condición de fiscal, establecidos nesta lei, cando merecesen a cualificación de graves, atendidas a intencionalidade do feito, a súa transcendencia para a Administración de Xustiza e o quebranto sufrido pola dignidade da función fiscal.»

Vinteun. Dáselle unha nova redacción ó artigo 64.

«Considéranse faltas leves:

1. A falta de respecto ós superiores xerárquicos cando non concorran as circunstancias que cualificarían a conduta de falta grave.

2. A desatención ou desconsideración con iguais ou inferiores na orde xerárquica, cos cidadáns, xuíces e maxistrados, fiscais, secretarios, médicos forenses, oficiais, auxiliares e axentes, avogados e procuradores, graduados sociais, funcionarios da policía xudicial e demais persoal ó servizo da Administración de Xustiza.

3. O incumprimento inustificado ou inmotivado dos prazos legalmente establecidos no despacho dos asuntos que teña encomendados.

4. A ausencia inustificada de un a tres días naturais da sede da fiscalía ou adscrición en que o fiscal se atope destinado.

5. A simple recomendación de calquera asunto de que coñezan os xulgados e tribunais.

6. A desatención ás ordes, requirimentos ou observacións verbais recibidas dos seus xefes, salvo que constituía unha infracción máis grave, conforme o previsto nos dous artigos anteriores.»

Vintedous. Dáselle unha nova redacción ó artigo 65.

«1. As faltas moi graves prescribirán ós dous anos, as graves, ó ano e as leves, no prazo previsto no Código penal para a prescrición das faltas.

O prazo de prescrición comezará a contarse desde que a falta se cometese. Non obstante, no suposto previsto no artigo 62.5 desta lei, o prazo de prescrición iniciarase a partir da firmeza da sentenza que declare a responsabilidade civil do fiscal.

2. A prescrición interromperase desde a data de notificación do acordo de iniciación do procedemento disciplinario ou, se é o caso, das dilixencias informativas relacionadas coa conduta investigada do fiscal.

O prazo de prescrición volve correr se as dilixencias ou o procedemento permanecen paralizados durante seis meses por causa non imputable ó fiscal suxeito ó expediente disciplinario.»

Vintetrés. Dáselle unha nova redacción ó artigo 66.

«1. As sancións que se poden impo- r ós fiscais por faltas cometidas no exercicio dos seus cargos son:

- a) Advertencia.
- b) Multa de ata tres mil euros.
- c) Traslado forzoso á fiscalía con sede separada, alomenos, en cen quilómetros daquela en que estivese destinado.
- d) Suspensión de ata tres anos.
- e) Separación.

O fiscal sancionado con traslado forzoso non poderá concursar no prazo dun a tres anos. A duración da prohibición de concursar deberase determinar necesariamente na resolución que poña fin ó procedemento.

O fiscal xefe sancionado en virtude dunha falta grave ou moi grave, poderá ser removido da xefatura, por proposta do fiscal xeral do Estado, oído o Consello Fiscal.

2. As faltas leves só se poderán sancionar con advertencia ou multa de ata trescentos euros ou con ambas; as graves, con multa de trescentos euros a tres mil euros, e as moi graves, con suspensión, traslado forzoso ou separación.

3. Na imposición de calquera sanción atenderase ós principios de graduación e proporcionalidade na resposta sancionadora, que se agravará ou atenuará en relación coas circunstancias do feito e do presunto infractor.

4. As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán ós dous anos; as impostas por faltas graves, ó ano, e por faltas leves, no prazo previsto no Código penal para a prescrición das faltas. Os ditos prazos de prescrición comezarán a computarse desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impuxeron as sancións.»

Vintecat. Dáselle unha nova redacción ó artigo 67.

«Serán competentes para a imposición de sancións:

1. Para impo- la de advertencia, o fiscal xefe respectivo.

2. Para impor ata a de suspensión, o fiscal xeral do Estado.
3. Para impo-la de separación do servicio, o ministro de Xustiza, por proposta do fiscal xeral do Estado, logo de informe favorable do Consello Fiscal.

As resolucións do fiscal xefe serán susceptibles de recurso ante o Consello Fiscal.

As resolucións do fiscal xeral do Estado serán susceptibles de recurso enalzada ante o ministro de Xustiza.

As resolucións do Consello Fiscal e do ministro de Xustiza que esgoten a vía administrativa serán susceptibles do recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente da Audiencia Nacional.»

Disposición transitoria primeira.

Á entrada en vigor desta lei finalizará o mandato de todos aqueles fiscais xefes que levaran desempeñando a xefatura por máis de cinco anos.

As prazas resultantes serán ofrecidas para a súa cobertura nos termos previstos nesta lei, podendo concorrer a este e optar a un novo mandato aqueles fiscais xefes que resultasen afectados por esta disposición.

Os fiscais xefes nomeados con anterioridade á entrada en vigor desta lei que non desempeñasen a xefatura por máis de cinco anos finalizarán o seu mandato no momento en que se cumpra o dito prazo computado desde a data do seu nomeamento.

Os fiscais xefes afectados por esta disposición continuarán desempeñando as súas funcións en tanto non se produzan os novos nomeamentos.

Disposición transitoria segunda.

Os vocais electos do Consello Fiscal continuarán no desempeño da súa función ata a expiración do seu actual mandato, tralo cal se procederá á elección dun novo Consello Fiscal de acordo co establecido nesta lei.

Disposición derogatoria única.

Queda derogado o parágrafo tres do artigo 37 da Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.

Disposición derradeira primeira.

O Goberno, no prazo de seis meses, procederá a dicta-lo regulamento de desenvolvemento do estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, modificado por esta lei.

Disposición derradeira segunda.

Esta lei entrará en vigor ós trinta días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 26 de maio de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

10524 LEI 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal. («BOE» 126, do 27-5-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O Pacto de Estado para a reforma da Xustiza, asinado o 31 de maio de 2001, iniciou un ambicioso programa lexislativo presidido polo obxectivo de moderniza-la Administración de Xustiza española e alcanzar un alto nivel de calidade na prestación dun servicio público fundamental para a convivencia e a protección dos dereitos dos cidadáns, o funcionamento áxil e eficaz do cal resulta imprescindible para a realización do Estado de dereito consagrado no artigo 1.1 da Constitución.

A realización da tutela xudicial efectiva dos dereitos e intereses lexítimos dos cidadáns constitúe unha función pública de transcendental importancia encomendada polo artigo 117 da Constitución ós xuíces e maxistrados, que aparecen así como uns servidores do Estado cun estatuto xurídico que debe garanti-lo principio de independencia en tódalas súas dimensións. A regulación do réxime retributivo dos membros da carreira xudicial preséntase deste modo, de acordo co artigo 403 da Lei orgánica do Poder Xudicial, como un elemento configurador da súa independencia económica, o que impón non só a súa regulación mediante unha lei especial senón unha especial atención no tratamento desta materia, á altura da súa alta función de vulgar e facer executa-lo xulgado. Esta regulación e tratamento deben ser extensivos ós membros da carreira fiscal, consonte o establecido no seu estatuto orgánico, en atención á relevancia das súas funcións e da institución á que serven.

O amplo consenso social existente acerca da necesidade de acometer sen demora o proceso de modernización da nosa Administración de Xustiza esixe supera-lo sistema retributivo actualmente vixente, sen dúbida insuficiente nas súas contías, pero tamén inxustificadamente rixido e orfo de elementos adecuados para ponderar con equidade o rendemento individual dos xuíces, maxistrados e fiscais e servir de incentivo á dedicación profesional e á calidade na prestación do servicio.

O compromiso pendente desde 1985 de elaborar unha lei especial de retribucións dos membros da carreira xudicial ten que abordarse hoxe no marco dunha realidade social cada vez máis moderna e avanzada cunha crecente demanda de servicios públicos de calidade homologables ós que reciben o resto dos cidadáns da Unión Europea. Por esta razón, o novo sistema que define esta lei debe perseguir obxectivos verdadeiramente ambiciosos como o estímulo ó esforzo, a vertebración da carreira xudicial, a asunción de responsabilidades e o incentivo á formación e á especialización.

Para o cumprimento destes obxectivos, o novo réxime de retribucións inspírase nos principios de obxectividade, equidade, transparencia e estabilidade. A obxectividade acádase nesta materia facendo depende-la retribución dun conxunto de parámetros medibles, comparables e legalmente determinados. A equidade esixe, pola súa parte, que a remuneración de xuíces, maxistrados e fis-